



## Pista 10



A súa etimoloxía, procede do gótico "Gaits", que significa cabuxa ou cabra, xa que tradicionalmente o fol da gaita case sempre se fixo co seu pelexo.

Aínda que as súas orixes son dúbidas, si podemos asegurar que xa en Grecia se empregou un instrumento aerófono de lingüeta chamado "aulos" (especie de caramillo dobre) xunguido cun fol.

Este antecesor da actual gaita chamábase "áskaulos".

Segundo se pode aprezar en antigas pinturas e esculturas gregas e romanas, algúns "auletas" (tocadores de aulos), poñían unha especie de bozo ou correa de coiro que colocaban ao redor das meixelas e ataban detrás da cabeza. Tiña unha abertura para a boca por onde se sopraba e a súa función era mellorar o son, cansarse menos e non desfigurar a cara coa presión que facían ao tocar.

O fol da gaita substituíu o bozo, achegando ao executante máis

descanso e comodidade sen desfigurar o rostro nas longas sesións de música.

Nos textos latinos xa se fala máis concretamente da gaita baixo o nome de "tibia utricularis", como un dos instrumentos que tocaba Nerón.

Durante os últimos tempos de dominación romana déixase de ter referencia dela até a Idade Media, cando foi introducida en Europa polos pobos nórdicos, acadando especial arraigamento nos pobos da zona costeira do Atlántico.

Temos representacións iconográficas, onde aparece a gaita, datadas na segunda metade do s.X. Era un tipo de gaita sen bordón, xa que este non chegou a empregarse de xeito frecuente até o último terzo do s.XIII.

Esta gaita sen bordón pódese ver nas miniaturas das *Cantigas de Santa María* de Afonso X *O Sabio*; aínda que tamén aparece representada outra con varios roncós.

Miniaturas n.º 350 e 260 das *Cantigas de Santa María* de Afonso X *O Sabio*. s.XIII.

O primeiro ronco que se engade é rematado en campá e posteriormente hai unha tendencia a aumentar o número de roncós que máis ou menos queda establecido en tres a comezos do s.XVII, chegando algúns exemplares até cinco, como no caso da gaita tipo "musette".

Durante a Idade Media, o Camiño de Santiago foi de vital importancia para a súa difusión a cargo dos peregrinos que viñan e ían de Galicia, por entón o centro gaiteril máis importante de Europa.

Como testemuño quedan diversas representacións iconográficas e pictóricas en fachadas, capiteis, retablos ou vidreiras de igrexas e catedrais.

Das que existen en Galicia podemos citar un capitel románico do s.XII en Melide, onde aparece un gaiteiro tocando unha gaita con roncón (actualmente no Museo de Pontevedra). Igrexa de Santa Mariña de Esposende. s.XII-XIII. Ribadavia. Capitel do s.XIV da igrexa conventual de San Francisco



O Gaiteiro de Guillarei, Pontevedra, con gaita de barquín, 1915.

de Ourense. No cadeirado do coro da igrexa de San Salvador de Celanova do s.XVI tamén aparece un gaiteiro, así como no Retablo da Expectación da Catedral de Tui feito por Antonio del Villar no 1722 ou na sancristía tallado en madeira en 1715 por Domingo Rodríguez.

A gaita tal como a coñecemos tradicionalmente hoxe en Galicia posúe variantes na forma, polo número de bordóns, e na tonalidade.

**Forma:**

- Só un bordón ou ronco.
- Con ronco e ronqueta.
- Con ronco e chillón.
- Con ronco, ronqueta e chillón.

**Tonalidade:**

- Grileira en Re.
- Redonda en Do.
- Tumbal en Si bemol.

Estas tonalidades máis puramente tradicionais, vense hoxe incrementadas en número grazas ao traballo de investigación de moitos artesáns entre os que cómpre destacar a Antón Corral.

A finais do s.XIX e comezos do s.XX empregouse con moita frecuencia a chamada "gaita de barquín".

Carece de soprete, e o barquín consiste nun mecanismo que fai de fol auxiliar e colocándoo debaixo do brazo dereito, pasa o aire para o fol a través dunha peza de madeira. Este mecanismo, hoxe moi en desuso en Galicia, é empregado en gaitas doutros países, como a "uillean pipe" irlandesa.

En ocasións por falta de medios económicos ou por ser empregadas para a aprendizaxe, fixéronse gaitas de cana, mais tradicionalmente a madeira de que se construía a gaita era buxo. Hoxe estanse a empregar tamén outras madeiras de importación como granadillo, pau rosa ou cocobolo.



Retablo da Expectación na Catedral de Tui. Adoración do neno. Antonio del Villar, 1722.



Retablo no Museo Diocesano de Tui procedente de San Salvador de Piñeiro, s. XVIII.